

## Camping Rio Ulla

Bamio, Km 14 C-550. Apdo. 316  
Carretera Santiago - Cesures  
36618 Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)  
**Teléfono:** 986 505 430 / 986 505 997  
**E-mail :** [986505430@telefonica.net](mailto:986505430@telefonica.net)  
**Web:** [www.campingrioulla.com](http://www.campingrioulla.com)

### INFORMACIÓN XERAL

Non dispoñen de ningún bungalow adaptado para as persoas con discapacidade.

### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato ao establecemento

- A entrada ao establecemento encóntrase nunha estrada con lixeiras inclinacións e ampla, totalmente despexadas de obstáculos na liña de paso.

#### Acceso

- A entrada principal ten unha pendente en descenso que varía entre un **14%** e un **3,5%**.
- Na porta de entrada non existe ningunha baliza, é un enreixado, cun oco de paso de **4 m** de ancho e permanece sempre aberta.
- Unha vez dentro, o recinto é chaira e completamente accesible, e nel encontrámonos un edificio coa recepción, o bar e o restaurante.
- O chan é do cámping é de asfalto e céspede.

#### Recepción

- A entrada á recepción ten un chanzo duns **20 cm** aproximadamente. Existe unha rampla móbil como itinerario alternativo practicable de 1 m de ancho, **59 cm** de lonxitude e unha inclinación do **32,4%**.
- A porta de recepción ten un ancho libre de paso de **90 cm**.
- O mostrador de atención ao público ten unha altura de **1,04 m**. Xunto a el hai unha mesa a unha altura de **72 cm**, pero non permite a aproximación frontal dun usuario de cadeira de rodas.
- 

#### Aseos e duchas comúns adaptadas

- O itinerario para entrar ao edificio onde se encontran os aseos e duchas comúns é accesible.
- A porta xeral é de apertura manual, abre cara a ambos os dous lados e ten un ancho libre de paso de **86 cm**.
- No interior existe un espazo libre de xiro de **1,50 m** de diámetro.
- Hai unha cabina adaptada nos aseos masculinos e outra nos aseos femininos e consta do inodoro, o lavabo e a ducha.
- A porta da cabina adaptada abre cara a dentro e ten un ancho libre de paso de **90 cm**.
- No interior existe un espazo libre de xiro de **1,50 m** de diámetro.

#### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de **1 m** de ancho polo lado esquerdo e pola fronte de **70 cm**. O asento está a unha altura de **45 cm** e o mecanismo de descarga a **90 cm**.

- Dispón dunha barra de apoio fixa no lado dereito e outra barra abatible no lado esquerdo a **70 cm** e **1,30 m** de altura e cunha separación entre ambas as dúas **87 cm**.

#### Lavabo

- O lavabo ten pedestal, o que dificulta a aproximación frontal dunha persoa usuaria de cadeira de rodas.
- A altura do bordo inferior do espello é de **1 m** e o resto dos accesorios do baño están a **90 cm** de altura.

#### Ducha

- A ducha ten un espazo de aproximación lateral de **1 m**.
- O chan da ducha está igualado co resto do pavimento do baño e non ten cortina nin biombo.
- Ten un asento fixo ancorado á parede e dispón dunha barra de apoio abatible no lado dereito a **70 cm** de altura e outra barra fixa no lado esquerdo a **70 cm** e **1,40 m** de altura.
- A billa é de presión e está a **1 m** de altura. A alcachofa é regulable en altura.

## ACCESIBILIDADE VISUAL

### Acceso

- A entrada principal ten unha pendente en descenso que varía entre un **14%** e un **3,5%**.
- O chan é do cámping é de asfalto e céspede.
- Non existen elementos voados que impliquen risco para persoas con discapacidade visual.

### Recepción

- A entrada á recepción ten un chanzo duns **20 cm** aproximadamente, cuxo bordo non está sinalizado cunha franxa antiescorregadizo de cor contrastada.

## ACCESIBILIDADE AUDITIVA

### Aseos Comúns

- As portas dos aseos teñen un sistema de peche cun sinal visual de "ocupado ou libre" e unha banda libre inferior que permite ver se hai alguén no seu interior.

### Sinalización

- O cámping dispón de rótulos que sinalan a situación das diferentes estanzas. Non todos seguen un mesmo patrón pero os textos teñen **3 e 5 cm** de altura e son de cor contrastada. Non dispoñen de información en braille nin en altorrelevo.

### Atención ao cliente

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Cubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcadoiro	Exterior	Accesible	Ningunha praza dispoñible está reservada para Persoas de Mobilidade Reducida(PMR).
Restaurante	Xunto á Recepción	Accesible	Mesas redondas e cadradas de <b>4</b> patas. Altura de mesa: <b>79 cm</b> , Altura baixo mesa: <b>76 cm</b> Ancho baixo mesa: <b>51 cm</b> , Fondo baixo mesa: <b>80 cm</b>

			Non dispoñen de carta en <b>braille</b> .
Bar - Supermercado	Xunto a recepción e o restaurante	Accesible cunha rampla móbil para salvar un chanzo de <b>18 cm</b>	A porta de acceso é de apertura manual e parcialmente acristalada. Ancho da porta: <b>84 cm</b> . Altura da barra: <b>1,07 m</b> .
Parcelas	Exterior	Accesibles	Son chairas e o seu chan é de herba, cun espazo suficiente para o coche, a tenda e a deambulación.
Lavadeiros e Fregadoiros	Exteriores	Accesible	Altura de botóns de mando de secadoras e lavadoras: <b>75 cm</b> Os lavadoiros teñen unha altura de <b>77 cm</b> . Debaixo existe un espazo libre de <b>70 cm</b> , un fondo de <b>80 cm</b> . Os vertedoiros están a unha altura de <b>75 cm</b> e sen aproximación frontal para usuarios en cadeira de rodas.
Piscina	Exterior	Accesible	Non dispón de grúa de acceso ao vaso.